

ANNA

Anna solía falar-me como si estivese sorda, con grandes aspaventos. Movía ás mans de arriba para abaixo e os beizos temblánlle para articular ben as palabras. Tales eran os movementos da mandíbula que o final poñía máis atención no xeito en que se lle movía á campaiña que no que me estaba contando. Foi a primeira Anna que coñecín na miña vida cuio nome se escribía con dúas enes. Cando teña unha filla - pensaba- voulle a poñer Anna con duas enes. Así non é tan corto.

Anna repetíame sempre - non lles fagas caso- son imbéciles. Os imbéciles esperaban a que estivéramos no patio para chamarme gorda e tonta porque non falaba francés e era estranxeira. Os imbéciles chamábanse Louis, Philippe e Magalli. Phillippe ademais de formar parte dos imbéciles gustábame moito. Era guapo, moreno e con ollos azuis. Facía natación e tiña os brazos musculosos e a espalda cuadrada. Louis era feo, grande e casi deforme. Magali era como unha moneca barbi, rubia con fortes ollos azuis e cos pantalóns vaqueros apretándolle tanto as pernas que parecía que lle ía a saír a pel polo calcaño. Tiña os beizos en forma de corazón e a pel toda branca como si a lavara cada día con lexivia. Magali gustáballe a tódolos rapaces da clase. Ela tiña un noivo que xa estaba no bacheralato co que andaba acaramelada o saír da clase. Anna collíame da man e apártábame dos imbéciles, levábame a un lado e animábame a que nin lles contestase. -¿Para qué? Me dicía- son imbéciles. A min non me tería importado nada ser amiga dos imbéciles, é máis, quería achegarme a eles, pero dende que Anna apareceu na miña vida non lles voltei a falar. Anna era Polaca. O seu pai era veterinario e a súa nai inxeniero agrónomo pero agora non traballaban. Eran refuxiados políticos. O pai de Anna votou moitos anos traballando en Marrocos. Era veterinario en casablanca e polo tanto era alguén moi recoñecido. Anna decíame que como era a filla do veterinario podía andar coa bicicleta por donde lle petara, nunca lle dicían nada. Cando se metía en problemas

decía que era filla do veterinario Monsieur Gornik e asunto acabado. Alí -decía Ana- era totalmente libre e todo o mundo me quería. Anna tiña unha piscina enorme na que se daba o primeiro baño da mañán antes de que un profesor particular viñera para darlle as clases e así seguir os cursos do liceo francés. Algo pasou en Polonia de súpeto. Os pais de Anna tiveron que deixar a piscina, a casa de sete habitacións, o xardin e escapar para Suiza en onde entraron como refuxiados políticos polacos. Por eso Anna chegou a metade do curso de aquel 1983 ata a miña Clase. En Lausanne Anna vivía cos seus pais e unha irmá pequena na habitación dun hotel. Alí estaban os xoguetes, a cociña, os pratos aínda sin lavar, unha televisión en branco e negro, un armario repleto, dúas camas pegadas nas que dormían os catro. Os pais mandábannos calar cando aparecía a imaxe de Lech Walesa. Eu non sabía quen era aquel home pero quedoume grabada esa imaxe do personaxe falando dende un podium movendo un enorme bigote. O home importante parecíase na cara o pai de Anna que tamén tiña un bigote de forma redondeada. Anna dábase conta da miña estraneza cando vía o rebulir da habitación, o noso silencio obrigado para escoitar falar a Lech Walesa. A pesar da nosa idade xa nos sentíamos cómplices dentro do único que tiñamos en común: a nosa propia estranxería. A Anna cambioulle o conto da súa vida dun día para outro pero dun xeito mais cruel que o conto da miña vida na que nunca deixei de ser cenicienta. Coa súa pobreza recén adquirida tróuxome a que sería a miña gran riqueza: a lectura, o amor polo coñecemento e as ganas de descubrir novos horizontes. Con Anna visitei a primeira biblioteca, moreas de estanterías de libros e contos que me deixaron abraiada. Íbamos todas as tardes a ler nunhas mesas pequenas nas que podíamos pasar horas e horas lendo e mirando as viñetas dos libros. Tintín empezou a facer parte da miña vida, estaba no deserto, na luna, na amazonia. Con Tintín quixen ser xornalista e con el aprendín a falar francés. Entón aínda non sabía que estas dúas características marcarían para sempre a

miña vida. Un mes despois Anna e a súa familia mudáronse a un piso preto da miña casa. As tardes da biblioteca compartíanse con tardes de xogos na súa casa. A súa nai facíanos "bocadillos á polonesa"- nós, en Polonia- dicía- ós bocadillos botámoslles un pouco de todo o que atopamos no frigo- así íbamos cada unha cun bocata de polo, leituga, tomate, rábanos, pepino.... e cousas que eu nunca soubera que se poideran comer xuntas. Empezaba a primavera e Anna e eu empezábamos a ir a patinar, con unhos patíns recién comprados nos lanzábamos con caras temerosas entre a xente que paseaba orredor do lago Lemán. Alí cando era costa abaixo as veces tiñamos que aterrizar nos brazos dalgunha muller de bolso branco a que nos tirábamos antes de caer no chan. O peor viña cando tiñamos que deixar de abrazala porque nos empezaba a insultar e tiñamos que quedar de novo o rumbo do noso equilibrio que sobre rodas non era perfecto. Na primavera os parques de Lausanne enchénse, como por arte de maxia, de flores de todos os cores. As primeiras en chegar son as campanelas amarelas. Anna e mais eu viñamos da biblioteca e decidimos coller dun xardín público un ramo cada unha para levalo a casa. Cando xa tiñamos os ramos feitos un home maior quedousenos mirando dende o outro lado.

-poñede agora mesmo esas frores no seu sitio, esta merda de españoles que vides eiqui a estropearnos o país. Incultos, sucios españoles que non sabedes mais que berrear e tirar lixo no chan-

Nos deixamos o ramo enriba do xardín abrumadas. Anna iba dicindo.

-Eu non son española, eu son polaca-

MARTA LUNA